Concello de Miño
Rúa A Carreira, 38 - 15630 Miño

EXP.: 2025/E001/000014

ANUNCIO

O alcalde por resolución, ditada o día 4 de novembro de 2026, resolveu o seguinte:

"**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

Vista a Resolución da Alcaldía, de data 3 de novembro de 2026, pola que se aproba a proposta de nomeamento dunha praza de Técnico/a de Deportes reservada a persoal laboral fixo, no marco do proceso selectivo para a cobertura en propiedade por quenda libre e en execución da Oferta de Emprego Público Ordinaria do Concello de Miño para o ano 2025.

Advertido un erro e visto o disposto no artigo 105 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común, conforme ao cal as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Visto canto antecede, esta Alcaldía e en uso das atribucións que lle confire o ordenamento xurídico, pola presente,

RESOLVE:

Primeiro.- Rectificar a resolución nº 1242/2026 de data 3 de novembro de 2026 nos seguintes termos:

Onde di:

Primeiro.- Propoñer como persoal laboral fixo descontinuo do Concello de Miño, a seguinte aspirante aprobada no proceso selectivo convocado da praza de **TÉCNICO/A DE TURISMO:**

Denominación da praza	Tipo	Nomeado
Técnico/a de Turismo	Laboral fixo	Alejandro García Mosquera (DNI: **1140***)

Debe dicir:

Primeiro.- Propoñer como persoal laboral fixo do Concello de Miño, a seguinte aspirante aprobado no proceso selectivo convocado da praza de **TÉCNICO/A DE DEPORTES:**

Denominación da praza	Tipo	Nomeado
Técnico/a de Deportes	Laboral fixo	Alejandro García Mosquera (DNI: **1140***)

Segundo. Practicar a correspondente dilixencia no libro de resolucións ao obxecto de reflexar a corrección acordada.

Terceiro. Dar conta ao Pleno da Corporación desta resolución na primeira sesión ordinaria que realice, de conformidade co establecido no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro."

O que se fai público para xeral coñecemento, e faise saber que esta resolución é definitiva en vía administrativa e que contra a mesma poderase interpor os recursos que a continuación se citan:

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Miño https://sede.concellodemino.gal mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público

CVD: RCkw+XZGVVqQeqJnkCYX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodemino.gal/

EXP.: 2025/E001/000014

a) O recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía, no prazo dun mes, ou o contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente, no prazo de dous meses, contados en ambos os casos dende o día seguinte á notificación da presente resolución.

b) Calquera outro que estime oportuno (Art. 194 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, do 28 de novembro de 1986 e 89 da Lei 30/1992, do 26 de novembro).

Miño, na data da sinatura dixital

O alcalde

Asdo./ Manuel Vázquez Faraldo

CVD: RCkw+XZGVVqQeqJnkCYX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodemino.gal/

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Miño https://sede.concellodemino.gal mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público